

Concurso de carteis:

FESTAS DO CARME E A FRAGA 2007

BASES BASES BASES BASES BASES BASES BASES BASES

Primeira Poderán participar todos os nozos que teñan cumpridos os 14 anos antes do 25 de xullo de 2007, e non superen os 30 na mesma data.

Segunda O motivo do cartel é anunciar as Festas do Carme e A Fraga do ano 2007. A técnica será libre, e aparecerá obrigatoriamente no cartel o seguinte texto:

**FESTAS DO CARME E A FRAGA
AS PONTES
DO 20 AO 25 DE XULLO DE 2007**

As medidas do cartel serán de 40 x 70 cms. como máximo.
Só se poderá presentar un cartel por persoa/s, e deberá ser inédito e orixinal.

Terceira O prazo de presentación e chegada dos carteis rematará o **31 de maio** de 2007 ás 12:00 h. Os carteis serán entregados ou enviados ao Departamento de Cultura do Concello das Pontes, sito na Casa Dopeso, Rúa Rosalía de Castro, 28 - 15320 As Pontes, A Coruña. (teléfono: 981 44 03 44/ cultura@aspontes.org)
O cartel deberá vir acompañado dun sobre pechado e coa seguinte información no seu interior: nome, enderezo, fotocopia do DNI, e teléfono de contacto.

Cuarta Establécese un premio de **300 €** (trescentos euros) para o gañador, e dous accésits de **100 €** c/u. O cartel premiado quedará en propiedade do Concello das Pontes.

Quinta O Xurado estará composto por persoas debidamente cualificadas e representantes do Concello, estes con voz pero sen voto, sendo o seu fallo inapelable. O Xurado resérvase o dereito de declarar deserto o premio.

Sexta O Concello poderá utilizar a imaxe do cartel gañador noutras publicacións relacionadas ou non coas festas do Carme e A Fraga, así mesmo os carteis que non resulten premiados poderán ser expostos e publicados na revista das festas.

Sétima A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

Nota: os carteis non premiados, poderán ser retirados na Casa Dopeso durante o mes de setembro. Os carteis non retirados nestes período quedarán en propiedade do Concello das Pontes.



OMIX -Concellería de cultura
Concello das Pontes

